BETWEEN FENCES
ENTRE REIXAS

[Avi Mograbi, 2016, Francia/Israel, 85', VOSE]

Dirección, montaxe e guión **Avi Mograbi**
Fotografía **Philippe Belleaiche**
Son **Dominique Vieillard**
Música **Noam Enbar**
Interveñen **Awet Asheber, Atish Asefaha, Anwar Suliman, Liat Boltzman, Okbay Hinxa, Muawia Mohammed Adam, Habtom Kiflom, Noureldin Mussa**
Produción **Les Films D'ici, Avi Mograbi Films**
Distribución **Fcat**

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#139
23.3.2021

BETWEEN FENCES
AVI MOGRABI

CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA CON **AVI MOGRABI**

Cando xorde a nova de que o Centro de Detención de Holot ía ser pechado, cousa que non aconteceu, estrañoulle que houbese quen dicía preferir ficar aló, mesmo sen centro? Cando as persoas solicitantes de asilo van ás cidades son tratadas coma se fosen merda. Unha deputada que logo foi ministra falou das persoas africanas solicitantes de asilo no centro de detención coma un cancro na nosa sociedade («un cancro no noso corpo», dixo a agora ministra de Cultura Miri Regev en maio de 2012). A sociedade israelí é moi racista. En primeiro lugar coa xente non xudía, mais sobre todo coa xente negra. Mesmo coas persoas xudías negras. As persoas xudías procedentes de Etiopía sofren un inmenso racismo.

As persoas que solicitan asilo contan que a policía se xustifica dicindo que están protexendo o único Estado xudeu. Mais en Europa acontece o mesmo. En Italia podería dicirse algo semellante. A diferenza entre Israel e Italia é que Italia ten leis de inmigración. Se eu quixese emigrar a Italia, existen leis que o regulan. En Israel non existen. Tes que ser xudeu para emigrar alí. A lei de inmigración israelí ten unicamente un parámetro: a relixión —nalgúns casos, a nacionalidade. A situación é diferente. Entendo que Italia queira protexerse. Todos os Estados teñen supostamente que facelo. A cuestión pasa a ser: con que parámetros? Eritrea foi colonizada ao longo de varias décadas por Italia. Moitos termos en tigriña derivan do italiano. A arquitectura de Asmara é altamente italiana. Italia deixou a súa marca en Eritrea, e aínda que Eritrea tivese daquela tamén dereito a se defender, os italianos non fixeron nada pola súa protección. Italia que acougue e comece a pensar no problema máis amplo. Non só no que acontece hoxe, cando tantas persoas chegan ás súas costas. O mundo está sufrindo unha mudanza histórica. Isto non é unha arroutada de quen quere mudar o seu estilo de vida. Esta é unha crise moi profunda que atinxe partes de África e de Medio Oriente. O mesmo con Asia.

Nunha das escenas de *Between Fences*, actores israelís intercambian os seus papeis cos solicitantes de asilo, de xeito que estes pasan a ser agresores racistas en Tel Aviv. Xérase unha discusión sobre os límites daquela experiencia. Non teme que esta escena e o seu filme sexan unha especie de turismo pola dor dos outros? Hai dúbidas sobre o noso papel nunha determinada situación. Vin un filme sobre Siria e ese foi se cadra o momento máis alto de participación que tiven na procura da resolución do conflito. Se cadra non teño moito que dicir ou que facer sobre esta crise, porque ser israelí tórnao complicado. Mais é frecuente vermos documentais sobre pobos en crise que nos deixan cunha enerxía activista que remata ao saírmos do cinema. Tamén acontece moitas veces que o activismo opte por unha visión antropolóxica para asistir ao exotismo da miseria. Este é un asunto que eu e mais Chen Alon, o director de teatro, quixemos abordar: como facemos algo con eles e non para eles? Moitas veces o activismo convértese en doazón. En doar comida, doar roupa. Non digo que a comida ou a roupa non sexan necesarias—algunhas veces sono—, mais unha relación creada sobre o feito de dar e recibir preserva a relación de poder entre persoas que van estar sempre necesitadas e as que teñen a boa vontade de coidar delas. O problema é tratar de eliminar, ou cando menos, tornar visible, esta estrutura de poder que debe ser destruída. En moitos filmes sobre persoas refuxiadas non se albiscan caras, non se albiscan personalidades. Vense situacións: miseria, perigo, fame, frío. Non conseguimos coñecer unha persoa en profundidade. Iso é problemático.

No filme tenta, xunta Chen Alon, corrixir iso dándolles a oportunidade de contar a súa historia á súa maneira? A escena máis importante do filme comeza co coronel (antigo oficial do exército eritreo, fuxido ao saber que sería detido). Lánzase a pregunta: quen quere ser o ditador? El leva a gabardina e érguese nunha cadeira de plástico. Logo de meses loitando polo obradoiro e adquirindo ferramentas de teatro, é esta a escena en que finalmente se apropiaron do proceso. Moito do que segue ocorre en tigriña, lingua que non falamos nin Chen nin eu. Nós xa coñeciamos as historias de como no exército eritreo eran obrigados a traballar sen recibir nin cartos nin comida, mais non entendiamos naquel momento o que estaban dicindo entre eles. Todos participaron e mudaron o guión conforme á súa experiencia. A partir de entón, o obradoiro foi deles. Xa non eramos nós ensinándolles. Estabamos todos dentro dun proceso moito maior.

Hai un momento nesa escena en que se representa a morte dun fuxitivo. Un de vós tentou corrixir un aspecto e a resposta foi un «cala, ti non es eritreo». Foi Chen. «Que sabes sobre Eritrea?, nunca fuches alá. A historia é nosa, non interfiras». Pode parecer unha falta de educación, mais non o é. É unha observación fantástica: esa historia é nosa, déixennola contar a nós.

Ao final do filme sabemos que a xente está xa fóra de Holot e que están xirando coa peza que construíron. A compañía é moi próxima: seis solicitantes de asilo e catro israelís. Non é só unha compañía, é unha rede social. Mais é preciso entender que o problema de toda arte política é o de que exista xa unha audiencia convertida. É moi difícil ir máis aló dese lugar sen saída en que apenas se mostran filmes a persoas que, en verdade, non precisan velos para pensar neses asuntos. Algúns deputados e políticos israelís xa viron o filme. Mas, repito, estes son os que xa están convertidos.

RIBEIRO, FELIX (2016). Avi Mograbi: O problema da arte política é o público já estar convertido. *Jornal Nacional Diário* (32, 33). Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.